

PAU 2025
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA - PORTUGUÉS
(Cód. 65)

PRIMEIRA PREGUNTA (2,5 valores)

1.1. A comprensión do texto e a capacidade que a/o estudante ten para o sintetizar, indicando a síntese que o condense cunha extensión media de 40 palabras. O título, de non máis de 10 palabras, debe recoller o tema en conxunto ou un aspecto relevante do texto. (0,5 valores)

1.2. Valórase que o/a estudante coñeza o significado que ten no texto a palabra ou expresións indicadas e que teña capacidade para explicar o seu significado. Non será válida a resposta cando só conteña tradución para outra lingua. (0,5 valores)

Cada resposta válida representa 0,10. Concederanse 0,05 valores se a resposta non é clara mais se aproxima bastante do significado que a palabra ou expresións indicadas teñen no texto e o/a estudante consegue dar unha explicación do seu significado que non estea completamente errada.

1.3 Concederase 1,5 valores polo texto transcrito correctamente. Restarase 0,25 por cada solución errada. E non será atribuído valor ningún se ningunha das formas incorrectas foi corrixida. (1,5 valores)

SEGUNDA PREGUNTA (2,5 valores)

Debe ser desenvolvido algún dos aspectos vinculados ao texto en forma de disertación cun número recomendado de palabras (150). Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do estudantado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o asunto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha

composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2,5 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse entre 1,5 e 2 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederanse entre 1 e 1,5 puntos cando a redacción presente varias confusións, ambigüidades ou incongruencias na expresión, repeticións de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco estruturada do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión sexa pouco clara.

Concederase entre 0,5 e 1, puntos cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal ligadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,25 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

TERCEIRA PREGUNTA (2,5 valores)

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade de produción dunha interacción oral e a súa reprodución escrita por medio dun diálogo. Con esta finalidade, a/o estudante terá que demostrar que desenvolve adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas en situacións cotiás, informais e formais.

Extensión: recomendada de 80 palabras e tres intervencións.

Nota: A eventual índole menos formal da resposta a estas preguntas visa unha elaboración persoal a partir da posición da/o estudante, onde se valorará fundamentalmente o uso lingüístico adaptado ás variantes comunicacionais utilizadas.

CUARTA PREGUNTA (2,5 valores)

Extensión recomendada entre 100 e 140 palabras.

En función dos temas ofrecidos:

a) Preténdese que o estudantado mostre o seu coñecemento das relacións lingüísticas da lingua portuguesa e a Galiza, dun punto de vista sincrónico e/ou diacrónico e coa perspectiva ou perspectivas que desexar (lingüística, cultural, económica, social ou política)

b) Preténdese que o estudantado mostre o seu coñecemento de

circunstancias culturais, sociais e/ou ambientais de Cabo Verde e/ou outros países de lingua portuguesa

Nota: A eventual índole máis libre da resposta a esta pregunta visa unha elaboración persoal a partir da posición da/o estudante, onde se valorará fundamentalmente o uso lingüístico na capacidade reflexiva e compositiva.

Valorarase até 0,5 a correcta adecuación ao molde expresivo escollido e até 0,75 que a redacción exprese con claridade as opinións, presente temas, teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Finalmente, e no conxunto do exame, tamén se valorará a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como a súa presentación, cando non sexa inherente a unha resposta concreta, polo que sobre a cualificación global poderán ser descontados até un máximo de 1,5 puntos por erros:

A. Moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do portugués.

Descontaranse 0,2 puntos.

B. Graves: solucións ortográficas contrarias ás normas lingüísticas utilizadas. Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

C. Leves: solucións alleas aos diferentes estándares vixentes. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.